

Ciclo de encontros virtuais <i>FGE Next Generation Galicia</i> As repercusións para Galicia da posta en marcha do MRR	
Data	24 de marzo de 2021
Lugar	Online
Organizadores	Fundación Galicia Europa (FGE)
Asistentes	<ul style="list-style-type: none">- Consellería de Economía, Empresa e Innovación- Consellería do Mar- Consellería de Medio Rural- Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos- Dirección Xeral de Mobilidade- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais; Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)- Axencia Galega de Innovación (GAIN)
Relator	Ángel Catalina Rubianes , responsable de políticas na <i>Task force de Recuperación e Resiliencia</i> da Comisión Europea, encargado de Italia, Finlandia, Suecia e Dinamarca (SG.RECOVER.A1)

ORDE DO DÍA

Neste terceiro encontro virtual del Ciclo "*FGE|NextGeneration Galicia*" contouse coa participación de Ángel Catalina Rubianes para falar sobre as repercusións para Galicia da posta en marcha do **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)** O regulamento do MRR entrou en vigor o pasado febreiro para apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros, alí onde as necesidades derivadas do impacto da crise sexan maiores. España será a gran beneficiaria, ó recibir unha asignación de 141 000 millóns de euros.

Esta sesión foi inaugurada polo director da Fundación Galicia Europa, Jesús Gamallo Aller, quen resaltou a importancia do MRR para Galicia, así como a necesidade de que os Plans nacionais de Recuperación e Resiliencia teñan en conta as achegas das autoridades locais e rexionais.

RESUMO DA REUNIÓN

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia correspóndese co eixo central do Plan de recuperación da UE, pois recibirá a maior parte do financiamento recadado polo instrumento temporal de recuperación *NextGenerationEU* (preto do 90%)

Para acceder ó financiamento do MRR, os Estados membros terán que elaborar Plans Nacionais de Recuperación e Resiliencia que expoñan o programa de reformas e investimentos do Estado membro para o período 2021-2023. Estes Plans terán que ser presentados antes de que finalice o mes de abril para que sexan avaliados pola Comisión Europea nun prazo de dous meses. Posteriormente, esta avaliación será aprobada polo Consello da UE nun prazo de catro semanas dende a proposta da Comisión.

España será o Estado membro que máis se beneficiará ó poder recibir ata un máximo de 141 000 millóns de euros, dos cales 70 000 millóns se corresponderán con subvencións. Poren, pode existir unha revisión destas cifras, debido á revisión dos Plans en 2022.

OBXECTIVOS POLÍTICOS DO MRR

- Proporcionar apoio financeiro a gran escala ós investimentos e reformas públicos nos Estados membros, alí onde as necesidades derivadas do impacto da crise sexan maiores.
- A contribución efectiva á transición ecolóxica e dixital será imprescindible.
- Impulsar a cohesión social e territorial.
- Complementar outras iniciativas da UE centradas na reparación da crise a curto prazo.
- Adaptar temporalmente o Semestre Europeo.

Os entes elixibles son os Estados membros, polo que se empregarán os seus indicadores para determinar a elixibilidade da axuda, a diferenza da política de cohesión, onde os indicadores empregados son os das rexións (NUTS2)

ARQUITECTURA DO MRR

- **Pagos:** organizaranse en tramos, de 10 a 12 por Estado membro, realizándose un máximo de dous por ano durante o período 2021-2026. Cada tramo vai conter un número de metas e obxectivos asociados (*milestones and targets*) **O desembolso das subvencións unicamente será realizado se se cumpriu a totalidade de metas e obxectivos establecidos nos Plans Nacionais de Recuperación e Resiliencia.**
- **A clave de reparto** dos compromisos no marco do Mecanismo para os anos 2021-2022 establecerase con arranxo ó criterio de desemprego durante o período 2015-2019. Para o ano 2023, este criterio é substituído pola perda do PIB real rexistrada durante 2020 e pola perda acumulada do PIB real rexistrada durante o período 2020-2021.

- **Actualización dos Plans de recuperación:** os Plans revisados e adaptados segundo proceda en 2022 para ter en conta a asignación definitiva de fondos correspondente a 2023.
- **Prefinanciamento do 13%**, que se correspondería con 9 000 millóns de euros no caso español.

O obxectivo é que os tramos sexan equilibrados, sen grandes diferenzas entre os volumes de cada un deles. En relación con isto, o maior reto que existe é a capacidade de absorción dos fondos.

ELEMENTOS DOS PLANS NACIONAIS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

Os Plans nacionais de Recuperación e Resiliencia teñen que:

- Dar unha resposta equilibrada á situación económica e social.
- **Responder ás recomendacións específicas dadas ós Estados membros no contexto do Semestre Europeo durante os ciclos de 2019 e 2020.**
- Aumentar o potencial de crecemento do Estado membro (incremento dos postos de traballo, da resiliencia económica e social das institucións, etc.)
- **Responder á dobre transición verde e dixital.** Cada Plan debe incluír un nivel mínimo do 37% de gasto no eido climático e recoméndase un 20% no eido dixital.
- Ter proxectos de carácter transfronterizo.
- **Garantir sistemas de control**, para que os fondos se gasten de forma regular e evitar o fraude.
- **Presentar un resumo do proceso de consulta, no que o Estado membro detalle como as autoridades locais e rexionais**, así como outras partes interesadas, contribuíron ó deseño do Plan de Recuperación.

CRITERIOS DE AVALICACIÓN DO MRR

Existen **tres criterios de avaliación: A, B, e C**. As áreas máis relevantes para a recuperación precisarán recibir un A, que se corresponde coa máxima cualificación: as transicións ecolóxica e dixital; as recomendación do Semestre Europeo; o principio de “non causar un dano significativo”... No suposto de que algún eido sexa avaliado cun C, o Plan de recuperación non poderá ser aprobado.

PRINCIPIO DE “NON CAUSAR UN DANO SIGNIFICATIVO”

O principio “non causar un dano significativo” (DNSH, polas súas siglas en inglés) é definido no artigo 17 do **Regulamento de taxonomía**. En febreiro foi publicada unha **Guía técnica sobre a aplicación deste principio**.

O Regulamento do MRR dispón que as medidas incluídas nos Plans nacionais de Recuperación non deben ocasionar un dano significativo ós obxectivos medioambientais recollidos no Regulamento de taxonomía:

- i. Mitigación do Cambio Climático;
- ii. Adaptación ó Cambio Climático;
- iii. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños;
- iv. Transición a unha economía circular e prevención e reciclaxe de residuos;
- v. Prevención e control da contaminación;
- vi. Protección dos ecosistemas sans

A avaliación dos Plans Nacionais ten que garantir que todas e cada unha das medidas comprendidas (cada reforma e cada investimento) respecta este principio, de xeito que a Comisión Europea non pode permitir unha avaliación positiva do Plan se unha ou máis medidas non o compren. Así, os Estados membros deben facilitar unha avaliación individual segundo o principio DNSH para cada medida.

GOBERNANZA

Os Estados membros terán que entregar a Comisión Europea a versión definitiva do seu Plan nacional de Recuperación e Resiliencia antes do 30 de abril de 2021. A Comisión, nun período non superior ós dous meses, enviará o Plan ó Consello da UE, que disporá dun mes para a súa aprobación final. Segundo isto, os Plans de Recuperación poderían estar aprobados a finais de xullo de 2021, momento no que se realizaría o pago do 13% de prefinanciamento.

Existirán tres documentos de execución por parte do Consello así como un acordo operativo que se vai firmar entre a Comisión Europea e o Estado membro, que conterá disposicións adicionais á decisión do Consello.